



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Marzo 2018

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Marzo 2018


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un aumento do 0,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,9 puntos menos que no mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,4%, 3,2 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio diminúe a súa facturación o 0,1% mentres que nos Outros servizos aumenta o 2,3%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,2% e en España un 2,4% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de marzo. Galicia é a terceira comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a oitava comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un aumento do 0,5% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 2,9 puntos inferior ao do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 3,4%, 3,2 puntos menos que no mes anterior.



A caída da facturación no *Comercio*, (-0,1%), motiva o baixo incremento do índice xeral no mes de marzo; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 2,3% e achegan 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 2,7%, 2,8 puntos máis que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 4,8%, superando o crecemento galego en 2,5 puntos.

O descenso da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que diminúe o 0,7% e resta 0,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos de motor* tamén diminúe (-1,8%) mentres que o *Comercio ao retalho* aumenta o 3,2%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 3,0% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 2,4%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 2,3%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: as *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, que aumentan un 5,1%, *Hostalería* (4,9%) e *Transporte* (1,2%), co que achegan 0,1 puntos cada un.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,8%. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (8,8%), as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (7,4%) e *Hostalería* (6,0%).

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral aumenta un 3,0% en Galicia e un 5,7% en España.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,0% no mes de marzo. Este incremento débese principalmente á *Hostalería*, que aumenta o 6,3% e achega 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral, e ao *Transporte*, que crece un 7,0% e achega 1,0 puntos.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de marzo en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Cantabria (7,7%), Aragón (6,3%) e Illes Balears (6,2%). As comunidades con menores crecementos son Murcia (0,0%), Castilla y León (0,3%) e Galicia (0,5%).

No que vai de ano, as comunidades con maiores incrementos son Cantabria (9,8%), Aragón (8,3%) e Madrid (8,1%). Os menores incrementos rexístranse en Castilla y León (2,4%), Andalucía (2,7%) e Galicia (3,0%).

Índices de cifra de negocios. Marzo 2018


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,2% respecto ao mes de marzo de 2017, 0,2 puntos menos que en España (2,4%).



O persoal ocupado aumenta un 2,0% no *Comercio* e un 2,4% nos *Outros servizos*. Entre as actividades comerciais, o *Comercio por xunto* rexistra o maior crecemento (4,5%), co que achega sete décimas á taxa de variación do índice xeral, mentres que na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-1,3%).

Nos *Outros servizos*, destaca o incremento do 5,4% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, co que achegan sete décimas a taxa de variación do índice xeral.

En España, en todos os sectores aumenta a ocupación. O maior incremento no persoal ocupado dáse nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,7%).

No primeiro trimestre do ano, o persoal ocupado aumenta un 2,0% en Galicia, catro décimas menos que no conxunto do Estado (2,4%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas


Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de marzo con respecto ao mesmo mes do ano 2017.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears (4,3%) e Cantabria (4,0%). Extremadura (1,8%) e País Vasco (1,9%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No que vai de ano, os maiores incrementos danse en Murcia (3,8%) e Illes Balears (3,7%) mentres que Extremadura e Castilla - La Mancha (ambas as dúas 1,8%) rexistran os menores crecementsos.

Índices de persoal ocupado. Marzo 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venta de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (proprietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2018

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	121,9	0,5	3,0
Comercio	126,2	-0,1	2,8
Venta e reparación de vehículos de motor	104,9	-1,8	4,6
Comercio por xunto	138,0	-0,7	2,8
Comercio ao retalho	103,1	3,2	2,7
Outros servizos	108,6	2,3	3,7
Transporte	108,8	1,2	2,8
Hostalería	99,1	4,9	3,4
Información e comunicacións	106,6	0,6	-0,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	110,5	1,4	5,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	121,8	5,1	9,5
España			
Xeral	116,0	3,4	5,7
Comercio	117,7	2,7	5,5
Venta e reparación de vehículos de motor	135,3	2,4	9,6
Comercio por xunto	122,3	3,0	6,2
Comercio ao retalho	103,2	2,2	2,4
Outros servizos	112,9	4,8	6,2
Transporte	112,0	1,6	4,8
Hostalería	103,5	6,0	4,2
Información e comunicacións	112,4	2,5	4,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	124,4	8,8	10,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,5	7,4	8,7

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2018

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	117,3	3,0	4,8
Comercio	124,3	0,2	3,0
Transporte	127,8	7,0	8,9
Hostalería	100,3	6,3	4,5
Información e comunicacións	108,9	2,1	1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,6	2,3	6,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,7	6,6	10,8

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Marzo 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	116,0	3,4	5,7
Andalucía	113,6	0,9	2,7
Aragón	112,2	6,3	8,3
Asturias	107,6	2,2	3,2
Baleares, Illes	99,3	6,2	6,7
Canarias	117,5	5,7	6,7
Cantabria	115,0	7,7	9,8
Castilla y León	106,6	0,3	2,4
Castilla-La Mancha	117,9	2,9	5,7
Cataluña	112,9	2,1	5,5
Comunitat Valenciana	115,5	2,1	3,8
Extremadura	104,0	2,7	4,6
GALICIA	121,9	0,5	3,0
Madrid	122,5	5,9	8,1
Murcia	113,1	0,0	4,1
Navarra	116,1	1,3	3,8
País Vasco	116,0	6,0	7,6
Rioja, La	120,8	3,8	5,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,6	2,2	2,0
Comercio	104,6	2,0	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	98,1	-1,3	-1,3
Comercio por xunto	112,0	4,5	4,1
Comercio ao retallo	101,7	1,1	0,8
Outros servizos	104,6	2,4	2,3
Transporte	102,0	0,2	0,5
Hostalería	103,3	1,5	0,8
Información e comunicacións	103,9	1,8	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	102,3	2,7	4,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,5	5,4	4,5
España			
Xeral	105,2	2,4	2,4
Comercio	104,3	1,6	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	105,1	2,4	2,4
Comercio por xunto	107,3	2,4	2,5
Comercio ao retallo	102,3	1,0	1,0
Outros servizos	105,7	2,8	2,9
Transporte	106,2	3,0	2,9
Hostalería	103,4	2,4	2,0
Información e comunicacións	106,0	3,2	3,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	104,6	1,8	1,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	108,8	3,7	4,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Marzo 2018**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,2	2,4	2,4
Andalucía	103,9	2,1	1,9
Aragón	106,1	2,7	2,9
Asturias	103,2	2,5	2,3
Baleares, Illes	98,0	4,3	3,7
Canarias	107,8	2,1	2,5
Cantabria	106,5	4,0	3,5
Castilla y León	103,6	2,2	1,9
Castilla-La Mancha	104,3	2,1	1,8
Cataluña	106,3	2,4	2,8
Comunitat Valenciana	106,0	2,6	2,2
Extremadura	101,8	1,8	1,8
GALICIA	104,6	2,2	2,0
Madrid	105,4	2,1	2,3
Murcia	110,4	3,5	3,8
Navarra	105,8	2,9	2,2
País Vasco	103,8	1,9	1,9
Rioja, La	105,7	2,7	2,4

Fonte: INE